

Asemblea xeral ordinaria



O pasado día 18 de abril celebrouse no local social a asemblea xeral ordinaria para a aprobación das contas do ano 2008, e dos orzamentos para 2009. Durante a mesma fíxose lectura

das actas anteriores aos informes económicos do pasado ano e os dos orzamentos para o ano 2009, quedando aprobados en xunta. No apartado de rogos e preguntas, os socios formularon consultas sobre o estado da rede de saneamento, a solicitude de colocación de marquesiñas, o corte das pependentes de camiños e a realización dun parque infantil. A directiva da asociación respondeu indicando o estado no que se atopan as xestións realizadas coas

distintas administracións ás que competen os diferentes temas, subliñando que da maior parte das demandas presentadas non temos resposta a día de hoxe. Desde a Avv fíxose o chamamento para a renovación dos cargos, posto que no mes de outubro cúmprense os dous anos esixidos nos estatutos e procederase á saída dos vogais e cargos correspondentes, quedando en colaboración coa xunta entrante ata finais de ano.

Curso de maquillaxe



Durante o mes de abril realizouse un curso de maquillaxe de seis horas de duración, impartido por persoal técnico de Marcel Cluny en Ferrol, que foi de carácter gratuito para todos os socios da asociación de veciños. Durante as tres xornadas do curso impartíronse coñecementos dos diferentes tipos de pel, coidados e tratamentos, técnicas de limpeza e maquillaxe segundo cada tipo de pel, etc. Agradecer desde a Avv ás monitoras pola súa colaboración e todas as socias que acudiron ao curso pola súa masiva participación.

Centro de masaxes e perruquería "Lara Ortiz"

Consellos para protexer e hidratar o teu cabelo no verán

A todos nos gusta o verán, pero o noso cabelo é o primeiro en resentirse dos danos que o sol produce. Os raios uva do sol poden prexudicar a saúde do noso cabelo e coiro cabeludo. Como evitalo, non é difícil. Desde o centro de masaxes e perruquería Lara Ortiz, recomendámosche: O primeiro que debemos saber é que levar unha gorra ou un pano non pesan e protexen moi ben a nosa cabeza. Se es dos que prefire a "melena ao vento" aquí

tes uns consellos que che irán moi ben: Un método moi recorrido é pulverizar o cabelo cun protector específico para o sol. Outra forma é aplicar máscara despois do lavado e non aclarala. Desta forma, ademais de protexelo, logramos unha hidratación en profundidade. Poida que notes o pelo un pouco mate pero é pola película protectora da máscara. Para cabelos coloreados o mellor é reforzar a cor cunha máscara do

mesmo ton. Doutra banda, se o teu pelo é louro o mellor que podes facer para avivar a cor é usar un xampú violeta para cabelos brancos e descolorados. Evitarás que o teu louro pase a ser amarelo e que os cabelos brancos luzan como nunca. Se o que buscas é evitar que as túas puntas se abran ou se volvan quebradizas, a mellor opción é aplicar sérum antes e despois do peiteado.

Silvia Carballeira

O recuncho de veciño

"Es de bien nacido ser agradecido"

Como din os vellos refráns: "es de bien nacido ser agradecido", e eu persoalmente quero agradecer á nosa asociación de veciños por esa gran labor que están a facer por todas as persoas que gozamos de Covas tanto no verán coma no inverno.

Quérovos dar as grazas por todo o tempo que dedicades para facer esas increíbles festas coas que tanto rimos e bailamos. Porque sodes as persoas que estades facendo rexurdir a nosa aldea do que foi noutros tempos; unha aldea que podía presumir dun "producto interior bruto", da súa xente e da súa paisaxe.

Grazas e por favor, seguides así que estades facendo un gran traballo por todos nos, e o estades logrando pouco a pouco.

Javier Pérez Pérez-Lago

+covas
sumando esfuerzos

Noticieiro Veciñanza

Número 3 Abril 2009

DEMANDAS VECIÑAIS

Presentanse no rexistro do Concello as demandas veciñais recollidas durante o mes de Marzo



TURISMO

A caseta de turismo de Covas, instalada no salón Equiocio, recibe máis de tres mil visitas

A parroquia de Covas anexionada, por un día, á cidade de Sevilla

Centos de veciños e amigos celebraron, o día vintecinco a chegada da primavera no Local Social de Covas



Rapaces dacabalo, carruaxes, flamencas e cordobeses converteron o Local Social de Covas nunha auténtica feira andaluza na que non faltaba detalle. Nada máis entrar podíanse ver "farolillos e guirnaldas" que enchían de cores o teito e as paredes; un escenario que parecía, talmente, un "tablado flamenco"; unha carruaxe modelo "Milord Victoria" fantásticamente restaurada e conservada que nos cedeu o noso amigo "Lucho" e que fixo as delicias de todos, especialmente dos nenos e nenas que estiveron subidos sen moverse toda a noite, cousa que as nais e pais

agradecemos sinceramente; nas tres casetas instaladas compartían espazo gambas de Huelva, "pescaito frito", rabas de calamar, patacas (de Covas) fritidas, croquetas caseiras, olivas de Jaén e xamón serrano; e, no bar, o mellor "rebujito" que probei na miña vida. Despois de picar un pouco e beber moito, o grupo de baile de sevillanas arrancouse a bailar facendo gala dunha arte e sentimento propios doutras latitudes e lucíndose diante dos presentes con todo o aprendido nos últimos meses. Derredor das once comezou a tocar o dúo, contratado para a

ocasión. Os pasodobres, rumbas, salsa, "paquito el chocolatero" e unha pila de cubatas, cervexas e rebujitos animaron ao resto de asistentes que xa non pararon de moverse ata que, despois de servir o "resopón" a base de gambas, rematou a feira alá polas catro da madrugada. Mil biquiños para todos os que estiveses na festa polo maravilloso ambiente de que gozamos e lembrede, para a próxima, que a asociación non subvenciona as aspirinas. ¡Esperámosvos o día dezaseis de maio, no Local Social para celebrar xuntos as Letras Galegas!



Demandas presentadas ao Concello no mes de Abril

Limpeza das beiras do camiño na zona de Ragón:

Faise necesario o corte da herba das beiras, o camiño e moi estreito e dificulta o paso dos vehículos.

Limpeza de beirarrúas e bordillos na estrada de Covas:

E necesaria a limpeza das beirarrúas e bordillos ao longo da estrada Covas-Ferrol, a herba medra entre as losetas e na unión beirarrúa -carreiteira. (Na imaxe tan só se recolle un dos puntos detectados).

Limpeza de cuneta e sumidoiro na zona de Las Palmeras, no cruce da estrada de Covas co camiño de Covarradeiras:

E necesaria a limpeza da cuneta e sumidoiro debido á acumulación de áridos.

Limpeza de escombros (restos de obra) no camiño da parcelaria que une Santa Comba coa estrada de Covas:

Depositaron residuos de obra no camiño da parcelaria que une Sta. Comba coa estrada de Covas, solicitamos a limpeza da pista

Limpeza de vertedoiro incontrolado no camiño do Porto da Cova:

Depositaron residuos de obra no camiño que vai dende o Bar Horizonte ao Porto da Cova, solicitamos a limpeza da pista.

Reparación do tendido telefónico na zona de O Prioiro:

Como consecuencia do temporal

Klaus, unha árbore derribou o tendido telefónico, dende entón non se reparou e os cables cruzan a estrada polo chan sen protección. Solicitamos se inste a telefónica para que acometa urxentemente a reparación do tendido

Renovación do contenedor do lixo e limpeza dos restos depositados ao lado na zona de O Vilar:

O contenedor atópase en mal estado, e tamén se depositaron restos de enseres e residuos de obra ao lado. Solicitamos a renovación do contenedor e a limpeza da zona; ademais pensamos que sería de gran axuda que o personal da empresa que recolle o lixo emitise un informe ao Concello cando se detectan este tipo de situacións.

Limpeza de vertedoiro incontrolado nos montes de Ragón:

E necesario volver a limpar un vertedoiro incontrolado nos montes de Ragón; limpouse en Xaneiro e volve a acumular residuos, tanto áridos como enseres. Suxerimos a colocación de sinais que informen da prohibición de verter lixo na zona así como as sancións previstas na lexislación vixente.

Rebachear con zahorra pistas en O Vilar:

As pistas atópanse nun estado lamentable, formándose grandes charcos. E necesario o rebacheo da zona.



A caseta de turismo instalada no salón Equiocio recibe máis de tres mil visitas.

O pasado mes de abril, desde o día 3 ao día 12, tivo lugar unha nova edición do salón EQUIOCIO (dedicado este ano ás rutas xacobeas) no que, por segunda vez consecutiva, tivemos a ocasión de participar cun espazo dedicado á promoción cultural e turística do "Camiño a Teixido".

O salón comezou oficialmente cos actos de inauguración celebrados ás 19:00 horas, estando presentes diversos representantes políticos locais e provinciais cos que tivemos a oportunidade de charlar sobre as peculiaridades da ruta que estamos a promover dende a Avv de Covas.



O sábado día 11 foi a posta de gala de Covas coa celebración, ás 18:00 horas e dentro do propio salón, da presentación oficial do noso "Camiño a Teixido" ante os medios de comunicación. Neste acto contamos coa presenza dos concelleiros de turismo dos lugares que percorre a ruta: D. Ramón Eduardo Veloso Rodríguez do concello de Ferrol, D. José Luis Suárez Rodríguez do Concello de Narón, D. Gonzalo Doce Vergara do concello de Valdoviño e D. Alfredo del Río López do concello de Cedeira. Todos eles tiveron palabras de apoio para esta iniciativa, destacando a posta en valor dos recursos naturais para atraer a un turista que busca desfrutar do entorno e da riqueza cultural a través doutro xeito de entender o ocio. Ao mesmo tempo, mostraron a disposición para organizar unha marcha do camiño por etapas ao longo do vindeiro ano.

Por outra banda, cabe destacar a gran afluencia de público que rexistrou a nosa exposición. Nela, moitísimas persoas, ao longo de toda a semana, interesáronse tanto polo percorrido do camiño como polo entorno de Covas, repartíndose máis de 3.000 folletos explicativos. Foi igualmente masiva a asistencia ás presentacións fotográficas realizadas, nas que moitos asistentes mostraban interese en coñecer os lugares que alí se podían ver.

En definitiva, e tras o éxito de visitantes acadados polo salón, temos que valorar esta segunda asistencia, enmarcada dentro do plan de dinamización turística, de forma moi positiva para nós. Por último, darlle as grazas á concellería de turismo do Concello de Ferrol polo esforzo económico realizado para

poder levar a cabo esta exposición. Non esquecemos tampouco agradecer á dirección de Equiocio tanto as achegas materiais como os recursos humanos postos á nosa disposición. Así como o excelente trato que nos dispensaron en todo momento.



Cea das mozas do grupo de aerobic



Este mes, algunhas das mozas do grupo de aerobic fóronse de cea á cervexería Bitácora de Ferrol, para lucir eses corpos que se lles están quedando con tanta ximnasia.

Durante a cea, a mesa encheuse de agasallos de amigas invisibles que agudizaron o enxeño para realizar as cartas de presentación dos detalles máis variados.

A noite foi unha festa chea de risas e moito baile que se prolongou ata o amencer.

Xa están a preparar a próxima. Que se preparen os maridos, compañeiros, fillos e quen se lles cruce no camiño.

Axenda de Maio

DIA 10/05/2009
Feirón mensual na esplanada da Cooperativa

DIA 16/04/2009
Día das Letras Galegas no Local Social de Covas

Día das Letras Galegas 2009

O Sábado día 16 de Maio celebramos o día das Letras Galegas no Local Social co seguinte programa:

- 19:00 - Inauguración da exposición de pintura de María Méndez.
- 19:30 - Presentación agasallo e sinatura do libro "Fonte Limpa" de Xosé Díaz Dopico. Agasallo, aos nenos e nenas, de contos de Paloma Lago asinados pola autora.
- 20:30 - Representación, a cargo do Grupo de Teatro de Covas, da obra "Son un pasmón".
- 21:30 - Degustación gratuíta de callos.